



TEXTO APROBADO NO PARLAMENTO SOBRE A DECLARACIÓN DE GALIZA LIBRE DE TRANSXÉNICOS O DÍA 26/11/2008

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que, no ámbito das súas competencias, non contemple a produción dos cultivos transxénicos destinados ao consumo humano e animal e, en consecuencia, a:

1. Incentivar as producións agrogandeiras tradicionais, de calidade e os cultivos ecolóxicos garantindo a súa máxima protección xenética e valores nutricionais, e impedindo a súa hibridación e/ou polinización por outros organismos modificados xeneticamente.
2. Establecer sistemas de identificación, control e rastrexabilidade dos produtos agrogandeiros que garantan información ao consumidor sobre a súa procedencia e método do cultivo e/ou crianza.
3. Incentivar a investigación en biotecnoloxía e en enxeñaría xenética.
4. Informar e formar a cidadanía, especialmente os profesionais do sector agrogandeiro en todos os aspectos e efectos relacionados cos OXM.”

VALORACIÓNS POR PARTE DA PLATAFORMA GALEGA ANTITRANSXÉNICOS

1. **Especificar cales son os mecanismos** de promoción destes modelos produtivos. Clarificar que este punto non sexa unha coartada para dar saída legal a unha coexistencia encuberta de cultivos transxénicos con non transxénicos. A coexistencia é imposible.

2. Garantir que a responsabilidade destes mecanismos non sexa outra carga burocrática para as explotacións e recaiga dita **responsabilidade na administración**, neste caso concreto consideramos que sería potestade do INGACAL (Instituto Galego de Calidade)
3. Sobre a cuestión de proporcionar información e formación á cidadanía e profesionais do sector agrogandeiro, é preciso **definir unha planificación concreta** no que queden recollidas as accións previstas, contidos, destinatarios/as, axentes de formación e divulgación...
4. A Plataforma Galega Antitransxénicos manifesta a improcedencia do punto recollido na Proposición non de Lei alusivo ao incentivo das investigación en biotecnoloxía e inxeñaría xenética, xa que entra en contradición cos puntos especificados anteriormente, e mesmo co espírito do texto inicial da Proposición non de Lei da Declaración de Galiza zona libre de transxénicos: “O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a que, no ámbito das súas competencias, **non contemple a produción de cultivos transxénicos destinados ao consumo humano e animal**”

A PGA considera necesaria a creación dun **órgano de supervisión e seguimento** da aplicación dos puntos reflectidos no documento, que ineludiblemente haberá de contar con presenza da cidadanía galega, representada a día de hoxe por medio da Plataforma Galega Antitransxénicos, que arestora agrupa máis unha trintena de colectivos e organización sociais.